



Recomendación á Consellería de Política Social relativa ao funcionamento das listas de contratación temporal para a cobertura de prazas nas Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Expediente: A.4.Q/1005/16 e
A.4.Q/13982/17

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] relativo ao sistema de cobertura do profesorado nunha galescola.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentou varios recursos no mes de outubro de 2016 ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar sobre a cobertura das interinidades, ao considerar que non se tiña respectado a orde de prelación nos chamamentos para a cobertura de prazas na Escola Infantil de Cambre-O Temple. Respóndese ao recurso en marzo de 2017. Indícaselle que a súa reivindicación sería obxecto de valoración no seo da Comisión a celebrar o 14 de febreiro de 2017. Sen embargo, a interesada afirmaba que se lle comunicou que ese día non se realizou valoración ao terse extraviado a súa documentación, aínda que posteriormente se lle notificou o desestimento do recurso de alzada, en teoría, tratado na reunión do día 14. O Comité de empresa ten solicitado información a este respecto xa que non ten constancia que tal asunto fora tratado na xuntanza mencionada.

Co fin de concretar o fondo do asunto, a reclamante sinalaba que nos listados da categoría de mestra, o día 28-08-15 chamouse para a cobertura dun posto na escola do Temple

(atendendo ao criterio de centro máis próximo) a D^a [REDACTED] que está 5 postos por debaixo, e que tamén se convocou a D^a [REDACTED] que nin sequera se atopaba nos listados de Cambre. Considera a autora da queixa que se vulneran os seus dereitos pois non se respectan a normas establecidas nas bases de contratación do Consorcio, as cales establecen que, en caso de urxencia, chamarase aos integrantes das listas do municipio limítrofes máis cercano cando non poda cubrirse co persoal da listaxe específica do centro.

2. Ante tal situación, requirimos información á Consellería de Política Social. Nun primeiro informe, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar deixa constancia do sistema aplicado para a selección de persoal laboral do organismo a través das listaxes de contratación temporal, mencionando os artigos 1 e 10 das Bases Xerais sobre a cobertura de prazas e chamamento dos aspirantes no caso de que no centro se tivera celebrado proceso selectivo ou non, así como nos supostos nos que sexa necesario cubrir algún posto con carácter de urxencia. Ademais se menciona o disposto no artigo 15 relativo ás renunciias e suspensións de chamamentos. Tamén se fai referencia á convocatoria da Escola de Cambre celebrado no ano 2007 no que a interesada pasou a formar parte da lista de agarda no número 19, e que esta persoa non solicitara a súa integración na lista de carácter provincial.

Xunto coas previsións xerais anterior, no documento remitido polo Consorcio recóllese un apartado relativo á situación específica de D^a [REDACTED] quedando constancia do seu historial laboral no organismo dende a súa inclusión nas listas no ano 2007 (diferentes períodos cubrindo postos nas escolas de El Cambre-Barcala, El Cambre-O Temple e Carral esta última tras ser incluída no listado provincial por chamamento a través do INEM), inclusive a súa situación de suspensión de chamamentos dende o 14-10-10 ata o 25-06-15.

3. Analizada a información anterior, desde esta Institución considerouse que non se daba resposta concreta á denuncia da interesada, pois a reclamación centrábase nos chamamentos das listas realizados o día 28-08-15 para a cobertura de varios postos na escola infantil de Cambre-O Temple. No informe non se aclaraban os motivos polos que se saltou a orde de prelación das listas de agarda para ofertar unha praza a D^a [REDACTED] (5 postos por debaixo) e a D^a [REDACTED] (que non estaba na listaxe de Cambre). Por tal razón, solicitouse á Consellería de Política Social un novo informe complementario para clarificar o fondo de asunto e orixe da discrepancia.

Dando cumprimento ao noso requirimento, o Consorcio remitiu un documento no que se recolle o que a continuación reproducimos de xeito literal:

“En relación á listaxe de agarda para a categoría de mestra da escola infantil de Cambre, a reclamante manifesta que con data do 28/08/2015 ofreceuse a cobertura do dito posto para a escola infantil de Cambre-O Temple a Dna. [REDACTED] que se atopa cinco postos por debaixo de Dna. [REDACTED] así como tamén a Dna. [REDACTED] que non está incluída nas ditas listaxes de agarda.

Fronte ao manifestado pola reclamante, compre realizar as seguintes aclaracións:

A) No que atinxe ao indicado respecto da oferta realizada a Dna. █████ còmpre indicar que dende o 01/06/2008 esta traballadora viña prestando servizos no posto de mestra na escola infantil de Culleredo-A Tartaruga, e o seu posto foi amortizado segundo o procedemento que se expón a continuación.

Con data de 30/07/2015 o Comité Directivo do Consorcio aprobou a modificación do Catálogo de Postos de Traballo desta entidade co fin de proceder á adecuación do cadro de persoal ás necesidades derivadas da demanda do servizo nas escolas infantís existentes así como tamén naquelas de nova creación.

Este acordo trouxo consigo a amortización de postos de traballo nas escolas que estaban en funcionamento e a creación de novas postos nas escolas de nova apertura. Así, en virtude deste acordo, foi amortizado un posto de mestra na Escala infantil de Culleredo-A Tartaruga.

Ao respecto, coa finalidade de atenuar os efectos que podería traer consigo a antedita modificación, con carácter previo á celebración do Comité Directivo, con data do 21/07/2015 convocouse a unha xuntanza aos representantes sindicais dos traballadores afectados, co obxecto de que foran tratadas as causas motivadoras da decisión empresarial, así como as posibles medidas para atenuar as súas consecuencias para os traballadores afectados.

Así, unha vez celebrada a reunión coas respectivas organizacións sindicais, determinouse o seguinte:

- 1) No suposto de varios postos de traballo nun mesmo centro correspondentes á mesma categoría, en defecto de convenio colectivo aplicable ao Consorcio os criterios acordados no marco da negociación coas organizacións sindicais, son os que a seguir se relacionan:
 - a) Amortizarase en primeiro lugar o posto ocupado por persoal laboral temporal, atendendo, de seren varios, aos seguintes criterios:
 - 1º.- Antigüidade.*
 - 2º.- Cargas familiares.*
 - 3º.- Antigüidade acumulada antes da subrogación.***

[...]

2) O persoal laboral fixo e/ou indefinido que ocupe postos de traballo obxecto de amortización será trasladado a un posto de traballo correspondente á súa categoría profesional na localidade mais próxima ao posto do que foi removido.

3) Ao persoal laboral temporal que ocupe unha vacante obxecto de amortización ou que pase a ser ocupada por persoal laboral fixo ou indefinido segundo o exposto no apartado anterior, ofertaráselles a posibilidade de aceptar un posto de nova creación na mesma provincia, e, de non ser posible, noutra distinta a aquela na que prestan os seus servizos.

[...]

Como consecuencia da dita amortización, e da aplicación dos devanditos criterios, con data do 31/08/2015, quedou extinguido o contrato de traballo suscrito por D^a [REDACTED] o 01/06/2008, e de conformidade co recollido no punto 3 dos criterios de amortización acordados no marco da negociación coas organizacións sindicais, ofertouse á traballadora afectada a posibilidade de ocupar un posto de mestra na Escola infantil de Cambre-O Temple (escola de nova apertura situada na mesma provincia que aquela na que prestaba os seus servizos). Esta cobertura foi aceptada por D^a [REDACTED] que ven prestando servizos no posto de mestra da Escola infantil de Cambre-O Temple dende o 1/09/2015.

B) Respecto ao manifestado en relación á oferta realizada a Dna. [REDACTED] esta traballadora viña prestando servizos no posto de mestra da Escola infantil de Culleredo en virtude do contrato de traballo suscrito con esta entidade o día 1/08/2009 e na actualidade atópase prestando servizos como directora na Escola infantil de Cambre-O Temple ao abeiro das resolucións da xerencia do Consorcio do 1/09/2015 e 30/08/2016, polas que se lle encomendan as funcións de dirección na devandita escola.

Esta resolución foi ditada consonte as previsións recollidas no Regulamento de Réxime Interno das Escolas infantís integradas na rede de escolas infantís de Galicia, cuxo artigo 7 a) determina o seguinte.

A dirección da escola é un órgano unipersoal, responsable do funcionamento da mesma, que depende organicamente da xerencia do Consorcio e funcionalmente da xerencia adxunta, sen prexuízo da superior dirección do persoal ao servizo do Consorcio que corresponde a súa presidencia, de acordo co artigo 18.5 dos Estatutos do Consorcio.

Xa que logo, dentro das facultades de ordenación do seu persoal, coa encomenda realizada o que se pretende é racionalizar os recursos humanos cos que conta esta entidade co fin de adecuar a súa estrutura organizativa ás necesidades dos servizos, en aras a unha xestión máis eficaz e eficiente. Así, segundo consta da devandita resolución, a encomenda de funcións de dirección na escola infantil de Cambre-O Temple xustifícase no feito de que se trata dun centro de nova apertura que implica a posta en marcha dun novo equipo educativo que garanta un correcto funcionamento do centro e, en consecuencia, unha boa prestación do servizo, razóns todas elas que motivan a encomenda realizada a Dna. [REDACTED] para exercer as funcións de dirección na dita escola ao contar con experiencia naquelas.”

ANÁLISE

Tras un exhaustivo estudo de toda a información obrante neste expediente, entendemos que son varias as consideracións que deben ser obxecto de análise:

1. Oferta realizada a Dna. [REDACTED] que ocupaba unha posición inferior á interesada nas listados da escola.

Os argumentos esgrimidos polo Consorcio para ofertar unha praza a Dna. ██████ baséanse en que o seu contrato, vinculado á Escola Infantil de Culleredo-A Tartaruga extinguiuse o día 31-08-2015 por amortización da súa praza, pasando a ocupar unha nova praza na Escola do Temple en aplicación dun acordo acadado cos representantes sindicais para evitar consecuencias prexudiciais aos traballadores afectados pola modificación do catálogo de postos de traballo, mantendo a súa vinculación laboral pola adxudicación inmediata dun novo contrato.

Este acordo supón unha modificación substancial do disposto nas Bases Xerais do procedemento de elaboración de listaxes de agarda para a contratación de persoal laboral temporal do Consorcio. E neste punto resulta incontrovertible a formulación de que as bases de toda convocatoria dun proceso selectivo ou do funcionamento dunha bolsa de contratación temporal constitúen a norma básica e de referencia do proceso, de xeito que tanto a administración como os participantes atópanse vinculados a ditas bases.

Certo é que dende a aprobación das devanditas Bases, foron sucedéndose diversos acordos do Comité Directivo do Consorcio polo que se modificaba o contido de tal documento. Pero en tales modificacións conséntase unha intención de mellorar a definición, concreción e interpretación das posibles situacións que se poden afrontar na súa aplicación ordinaria. Sen embargo, a modificación que se formula no acordo coas organizacións sindicais do 21-07-15 supón unha variación, xa non só substancial, senón que contravén directamente o disposto no artigo 16 das bases. Así, neste artigo sobre a situacións nas listas, dispónse que *“Unha vez contratado/a o/a aspirante e logo de rematado o contrato de traballo, incorporárase de novo á lista correspondente no mesmo lugar que ocupaba inicialmente, agás que a substitución sexa por tempo superior a 12 meses, en cuxo caso, logo de rematar o contrato de traballo pasará a ocupar o último lugar na listaxe por un período de 4 meses. Finalizado o devandito período volverá automaticamente ao lugar que ocupaba inicialmente na listaxe correspondente.”* Esta redacción adoptouse tralo acordo do Comité Directivo do 13-03-13 pois antes non contemplaba a limitación de estar no último posto só durante 4 meses. Resulta evidente que esta modificación concreta e delimita o disposto nas bases iniciais, permitindo o movemento das listas (finalidade buscada ao determinar a volta ao último posto) pero non de xeito permanente. En cambio, o acordo que agora resulta analizado neste expediente, implica que a persoa non volve á lista ao último posto, pero tampouco ao que ocupaba con anterioridade á contratación que finaliza, senón que directamente ofértaselle un novo contrato.

Motiva o Consorcio ante tal medida que se trata de evitar consecuencias prexudiciais aos traballadores afectados polos postos amortizados. Pero aquí prodúcese un claro conflito de intereses toda vez que existen tamén aspirantes nas listas que ven frustradas as súas

expectativas que dimanar directamente das normas de funcionamento da bolsa de contratación na que se atopan inscritos.

A temporalidade é a característica do contrato asinado por Dña. [REDACTED] e no momento que desaparece a causa que motivou a súa contratación, debe ser reintegrado na bolsa de emprego no posto que determinen as bases. A extinción deste contrato de interinidade por vacante debía producirse cando se produza a cobertura da praza como resultado dun proceso ordinario de selección ou pola amortización da mesma (independentemente de se tal circunstancia implica na actualidade determinadas indemnizacións polo novo criterio aplicado pola Sala 4ª de lo Social do Tribunal Supremo de 19 de febreiro de 2015, recaída no recurso de casación para a unificación de doutrina número 51/2014). En todo caso, o que resulta aquí é unha obvia extinción do contrato e a aplicación automática do artigo 16 das Bases Xerais de listaxes do Consorcio. Polas razóns xa expostas, non debe considerarse válido o acordo ao que alude o informe do Consorcio pois contravén o disposto na norma de obrigado cumprimento.

As xustificacións para amortizar determinados postos de traballo non condicionan en ningún caso o funcionamento das listas de contratación temporal, e non pode variar o seu regulamento ordinario para salvaguardar intereses particulares. Ademais do anterior, resulta ilóxica a equiparación que chega a producirse entre o persoal laboral fixo e/ou indefinido co persoal laboral, pois en ambos casos se lles oferta un cambio de praza, nun caso sen solución de continuidade e noutro coa sinatura dun novo contrato, pero aos efectos, o resultado é o mesmo, cal é a continuidade na prestación de servizos á administración.

2. Oferta realizada a Dña. [REDACTED] que non se atopaba nas listas de escola infantil de Cambre.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar alude aquí a que se trata dun centro de nova apertura cun novo equipo educativo e polo tanto precisa de garantías que aseguren un correcto funcionamento. Xuridicamente, basease esta decisión no artigo 7a) do Regulamento de Réxime Interno das Escolas infantís.

Pero o certo é que non consta na normativa do Consorcio regulación específica sobre o nomeamento da persoa á que se lle encomenda á Dirección de cada escola. O que si parece existir é unha práctica habitual asentada de nomear a aquel/a traballador/a que cunha maior puntuación, práctica que neste caso concreto se elude. A razón de que resulta ser un centro de nova apertura non resulta suficiente, toda vez que probablemente as persoas que van a desempeñar os seus servizos proveñen das listas dun centro limítrofe, tal e como dispón o artigo 10 das Bases Xerais, e que terán experiencia suficiente para afrontar as

tarefas encomendadas, e sen ter en conta ademais, que en virtude da amortización de prazas noutros centros, ao do Temple accede xente con categoría de persoal laboral fixo.

A maior abundamento, cabe dicir que a persoa que exerza as funcións de dirección está contratada para un posto de mestre ou técnico, e como tal prestará servizos nunha desas prazas, sendo as labores de dirección un complemento (coa compensación económica correspondente) á súa carga de traballo ordinaria. Polo tanto, o acceso de calquera mestre ou técnico a unha escola infantil dependente da rede do Consorcio debe seleccionarse atendendo estritamente as disposicións contidas nas Bases Xerais. Non queda xustificada a excepción que formula aquí o Consorcio.

3. Funcionamento das listas de contratación temporal.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é un organismo público e resúltalle de plena aplicación os principios que rexen o acceso á función pública de igualdade, mérito e capacidade. Polo tanto, deberá seleccionar ao seu persoal mediante procedementos que garantan tales principios constitucionais.

A existencia de criterios obxectivos de selección que determinen ademais a nota definitiva acadada que permita establecer a orde de prelación para xerar unha lista que coloque aos aspirantes segundo a súa puntuación, resulta fundamental. O posto que ocupa cada opositor non resulta baladí nun proceso selectivo público, máxime se a partires desta puntuación xorde unha bolsa de contratación temporal á que se remite a administración para a cobertura temporal de prazas. E para que realmente sexan efectivos os principios básicos de acceso á función pública, resulta imprescindible a publicidade das listaxes para que todos os aspirantes coñezan de xeito transparente e accesible o seu posto, permitíndoselles comprobar o correcto funcionamento dos chamamentos. A publicidade das actuacións administrativas é garantía do dereito dos interesados a acceder ás prazas en condicións de igualdade, incluíndo por suposto a fase posterior ao desenvolvemento do proceso selectivo, isto é, a executividade das listas derivadas precisamente dese proceso. A falta de publicidade na xestión dos listados limita o dereito dos interesados, impedíndolles coñecer de xeito actualizado a orde de prelación na que se sitúan e condicionando posibles reclamacións ante un erro nos chamamentos.

O principio xeral de transparencia, como eixe fundamental do funcionamento da administración pública, aconsella a posta en marcha de mecanismos e instrumentos que permitan garantir o acceso dos administrados á información sobre o funcionamento desta. Resulta así lóxico, razoable e oportuno que se dea publicidade ás listaxes dos aspirantes que se atopan na bolsa de contratación temporal da rede de escolas infantís do Consorcio.

Certo é que dende o Consorcio tense trasladado a intención de adaptarse a estas reivindicacións toda vez que está pendente de publicación o acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT para a integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no V Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia, xa que a cláusula cuarta do acordo contempla a modificación do Decreto de Listas e ao compromiso de aplicar o réxime deste ao persoal do Consorcio.

Non obstante, a dilación deste proceso obriga ao Consorcio a realizar xa cantas xestións sexan oportunas para dar publicidade das listas de contratación, con independencia da aplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

CONCLUSIÓNS

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar á Consellería de Política Social as seguintes Recomendacións:

Que se adopten as medidas necesarias para repoñer á autora da queixa no dereito que lle corresponde, e que non chegou a facerse efectivo ao terse realizados dous chamamentos de xeito indebido, un deles a unha aspirante que ocupaba unha posición inferior á reclamante, e outro a unha persoa que non estaba incluída na lista aplicada, sen que estea debidamente xustificada ambas contratacións.

Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar proceda a dar a debida publicidade ás listas de contratación temporal existentes para a cobertura de postos nas escolas infantís dependentes deste organismo, cumprindo así cos principios de transparencia e publicidade que deben rexer en toda administración pública.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

